

# Sobre o **estado e desempeño** do galego na compañía

17 de maio de 2025

---

Estimados pilotos:

Estamos encantados de celebrarmos un ano máis, convosco, as Letras Galegas ao noso xeito, voando en comunidade.

Air Nubeiro foi nado para pular a actividade en Galicia nas redes de voo virtuais mais nunca ficou aí, sempre transgrediu; porque nolo pide o corpo. Somos a embaixada do espírito galego nas comunidades de voo virtual e coma tal, tratamos de levar por diante o que nos aporta identidade, o que di quen somos e cara onde imos: a cultura e a lingua de seu.

Este é un ano especial, por primeira vez na historia do noso pobo, a nosa lingua perde falantes. Isto debería preocuparnos, perder unha lingua é perder parte do noso xeito de ser, do noso acento, da nosa historia, de nós mesmos. Somos quen somos pola nosa historia, que non se entende noutra lingua que non sexa o galego.

Nunca é bo perder diversidade. Así coma debemos coidar e preservar as especies animais ou vexetais, non debemos descoidar todo o demais que aporta cultura e diversidade ao noso mundo.

En referencia aos valores que componen Air Nubeiro, animámosvos a botar a lingua a pacer, a non descoidar o noso: a que cando saudemos, sintamos, celebremos e xuremos o fagamos en galego.

Porque non é o mesmo:

- o caldo ca *el caldo*
- lambón ou larpeiro ca *goloso*
- chove a dios ca *llueve a dios*
- traste ca *travieso*
- choio ca *trabajo*
- pota ca *olla*



Agora, máis ca nunca, vive en galego.

Polo que a Air Nubeiro respecta, seguiremos traballando para cumplir co noso Compromiso coa Lingua:

			
<b>Tradución</b>  Moitos dos nosos servizos web están disponíveis en galego.	<b>Documentación</b>  Unha parte da documentación da compañía está disponible en galego.	<b>Notificacións</b>  As nosas notificacións internas conteñen, sempre, parte do contido en galego.	<b>Publicidade e cartelería</b>  Promocionámosenos como somos, é dicir, en gelego.
			
<b>Instituciones oficiais</b>  Colaboramos con institucións recoñecidas para a promoción da lingua.	<b>Ambiente "progalego"</b>  Esforzámonos para que o galego non quede nun segundo chanzo nas comunicacións dentro da comunidade.	<b>Protección legal</b>  A lingua propia de Galicia está protexida polo Manual de Regulación Interna de Air Nubeiro.	<b>Prestixio</b>  Todos os noso traballos rematan prestixiando a nosa lingua, que xamais debeu caer en despréstixio.

Podes consultalo todo no Portal Galicia da ligazón: <https://www.airnubeiro.es/gl/portal-galicia/lingua.html>.

Hoxe, o equipo directivo de Air Nubeiro, deséxavos un feliz día das Letras Galegas 2025.

**Galicia somos nós,  
a xente más a fala.  
– Manuel María**

Con máis agarimo que nunca,  
O equipo de Air Nubeiro

